



SUBGRUPO C1-TEMA 6-Emprego Público-GALEGO

TEMA 6- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

1. Segundo o artigo 1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta lei ten por obxecto a regulación do réxime xurídico da función pública galega e:

- a) A determinación das normas aplicables a todo o persoal ao servizo das administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación.
- b) A determinación das normas aplicables a todo o persoal funcionario e laboral fixo ao servizo das administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación.
- c) A determinación das normas aplicables a todo o persoal funcionario de carreira e laboral ao servizo das administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación.

2. De acordo co establecido no artigo 2 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a potestade de autoorganización é aquela que:

- a) Faculta a Administración xeral do Estado para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.
- b) Faculta a Consellería de Presidencia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.
- c) Faculta a Comunidade Autónoma de Galicia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.

3. De acordo co establecido no artigo 3 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o réxime xurídico do persoal incluído no ámbito de aplicación da citada lei non se basea nun dos seguintes principios:

- a) Desenvolvemento e cualificación profesional permanente dos empregados públicos.
- b) Igualdade na atribución, ordenación e desempeño das funcións e tarefas.
- c) Eficacia na planificación e xestión dos recursos humanos.

4. Con base no recollido no artigo 4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta lei non se aplica ao persoal funcionario ao servizo das seguintes administracións públicas:

- a) Entidades locais galegas.
- b) Entidades públicas instrumentais vinculadas ou dependentes das entidades locais galegas.
- c) Delegacións ministeriais na Comunidade Autónoma de Galicia.

5. De acordo co establecido no artigo 4 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, esta lei é de aplicación ao persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- a) En ningún caso é aplicable a este tipo de persoal.
- b) Agás no relativo ás retribucións complementarias e outras materias.
- c) Agás no relativo ao seu réxime disciplinario.





SUBGRUPO C1-TEMA 6-Emprego Público-GALEGO

6. De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o persoal que presta servizos no Consello Consultivo de Galicia:
- Réxese pola normativa reguladora deste órgano e pola presente lei supletoriamente.
 - Réxese pola presente lei, excepto no relativo ás retribucións complementarias e outras materias.
 - Non se rexe pola presente lei en ningún caso.
7. Cal dos seguintes tipos de empregados non figura recollido na clasificación do artigo 20 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia?:
- Persoal funcionario interino.
 - Persoal laboral indefinido.
 - Persoal eventual.
8. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de inspección, fiscalización ou control serán reservados necesariamente nas relacións de postos de traballo a:
- O persoal laboral.
 - O persoal funcionario de carreira.
 - O persoal eventual.
9. De acordo co establecido no artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, para que poida procederse ao nomeamento de persoal funcionario interino ten que concorrer algunha das seguintes circunstancias:
- A existencia de postos vacantes, con dotación orzamentaria, cando non sexa posible a súa cobertura por persoal eventual.
 - A execución de programas de duración indeterminada que respondan a necesidades permanentes da Administración.
 - A substitución transitoria das persoas titulares dos postos.
10. De acordo co establecido no artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o prazo máximo de duración da interinidade para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración non poderá ser superior a:
- Tres anos.
 - Un ano.
 - Dez anos.
11. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a prestación de servizos en réxime interino:
- Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.
 - Non constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.
 - Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal eventual.





SUBGRUPO C1-TEMA 6-Emprego Público-GALEGO

12. Segundo o recollido no artigo 26 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, poden ser desempeñados por persoal laboral:

- a) Os postos de natureza non permanente.
- b) Os postos que teñan atribuídas funcións de inscrición e anotación de datos nos rexistros administrativos.
- c) Os postos que teñan atribuídas funcións de cancelación de datos nos rexistros administrativos.

13. Conforme ao recollido no artigo 27.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o tempo de servizos prestados en réxime de persoal laboral temporal computarase nos supostos de:

- a) Concurso ou de oposición.
- b) Oposición.
- c) Concurso-oposición ou de concurso.

14. Con base no sinalado no artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a creación de postos de traballo derivados de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido incluíranse nas correspondentes relacións de postos de traballo:

- a) Como postos de persoal laboral.
- b) Como postos de persoal laboral indefinido.
- c) Como postos de persoal funcionario ou, excepcionalmente, de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira.

15. Segundo o recollido no artigo 29 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal que en ningún caso pode realizar actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico, nin ningunha das funcións que corresponden ao persoal funcionario de carreira:

- a) Ten a condición de persoal eventual.
- b) Ten a condición de persoal directivo.
- c) Ten a condición de persoal laboral temporal.

16. De acordo co establecido no artigo 30 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o cesamento da autoridade que efectuou o nomeamento produce necesariamente:

- a) O cesamento do persoal eventual ao que esta nomease.
- b) O cesamento do persoal laboral temporal ao que esta nomease.
- c) O cesamento do persoal funcionario interino de devandita unidade administrativa.

17. Segundo o recollido no artigo 31 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, cando o persoal funcionario de carreira acceda a postos de traballo de carácter eventual, poderá optar entre permanecer na situación de servizo activo ou pasar á situación de:

- a) Excedencia voluntaria.
- b) Servizos noutras administracións públicas.
- c) Servizos especiais.





SUBGRUPO C1-TEMA 6-Emprego Público-GALEGO

18. Segundo o literal do artigo 31.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a determinación das condicións de emprego do persoal eventual:

- a) Non ten a consideración de materia obxecto de negociación colectiva para os efectos desta lei.
- b) Ten a consideración de materia obxecto de negociación colectiva para os efectos desta lei.
- c) Non ten a consideración de materia obxecto de negociación individual para os efectos desta lei.

19. O artigo 33 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, indica que os postos que sexan cubertos por persoal directivo:

- a) Recolleranse nunha relación de postos directivos de contido análogo ao da relación de postos de traballo.
- b) Estableceraos anualmente o Consello da Xunta dentro dos correspondentes créditos orzamentarios consignados para o efecto.
- c) Estableceraos anualmente o Consello da Xunta e figurarán recollidos nunha relación de postos directivos de contido análogo ao da relación de postos de traballo.

20. O artigo 34 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, indica que os contratos laborais de alta dirección do persoal directivo incluírán un pacto de permanencia e non competencia poscontractual:

- a) Polos dous anos seguintes á extinción do contrato.
- b) Polos tres anos seguintes á extinción do contrato.
- c) Polos cinco anos seguintes á extinción do contrato.

21. O resultado da avaliación pola xestión do persoal directivo recollida no artigo 35 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, determinará entre outros:

- a) A progresión na carreira directiva profesional.
- b) A progresión na carreira profesional.
- c) A progresión na carreira directiva vertical.

22. Cal dos seguintes non é un dos requisitos xerais para participar nos procesos selectivos de acceso ao emprego público recollidos no artigo 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia?:

- a) Ter feitos os dezaseis anos e non exceder dos 65 anos.
- b) No caso de nacionais doutros Estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

23. O artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sinala que as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei garantirán os dereitos constitucionais e lingüísticos das persoas:

- a) Respecto do galego, como lingua propia e oficial de Galicia.
- b) A Lei 2/2015 non recolle no seu articulado referencia ningunha a requisitos lingüísticos.
- c) Tanto respecto do galego, como lingua propia e oficial de Galicia, coma do castelán, lingua oficial en Galicia.





SUBGRUPO C1-TEMA 6-Emprego Público-GALEGO

24. Conforme ao disposto no artigo 54 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, concorrerán nunha quenda separada dos demais aspirantes, sempre que así se xustificase para o mellor desenvolvemento das súas probas selectivas:

- a) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos.
- b) As persoas con discapacidade.
- c) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos.

25. Figura no artigo 55 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, como un dos principios dos procesos selectivos dos empregados públicos:

- a) Os órganos de selección non poderán propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas, excepto cando así o prevexa a propia convocatoria.
- b) Os órganos convocantes non poderán propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas, excepto cando así o prevexa a propia convocatoria.
- c) A Administración convocante non poderá propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas, excepto cando así o prevexa a propia convocatoria.

26. Con base no artigo 56 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden utilizar para a selección do seu persoal os sistemas de:

- a) Oposición e concurso-oposición, nos termos previstos na lei.
- b) Oposición, concurso-oposición e, excepcionalmente, concurso, nos termos previstos na lei.
- c) Oposición, concurso-oposición e concurso, nos termos previstos na lei.

27. No artigo 58 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, non figura entre o contido mínimo das bases das convocatorias dos procesos selectivos:

- a) O réxime aplicable ao órgano de selección.
- b) A composición do órgano de selección.
- c) O sistema selectivo aplicable, con indicación do tipo de probas concretas e os sistemas de cualificación dos exercicios ou, de ser o caso, os baremos de puntuación dos méritos.

28. Segundo a redacción do artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario pode solicitar a prolongación da permanencia na situación de servizo activo:

- a) Cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data en que cumpra a idade de xubilación forzosa.
- b) Cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data en que cumpra a idade de xubilación ordinaria.
- c) Cunha antelación mínima de dous meses e máxima de tres meses á data en que cumpra a idade de xubilación parcial.





SUBGRUPO C1-TEMA 6-Emprego Público-GALEGO

29. Non é un dereito individual dos empregados públicos, segundo o artigo 71 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- a) O dereito á inamovibilidade na condición de funcionario interino.
- b) O dereito á mobilidade profesional nos termos previstos nesta lei.
- c) O dereito a participar na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde presten os seus servizos.

30. Segundo a redacción do artigo 72 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as empregadas públicas vítimas de violencia de xénero teñen, entre outros, dereito:

- a) Á consideración como xustificadas das faltas de asistencia, totais ou parciais, polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde, segundo proceda.
- b) Á consideración como xustificadas das faltas de asistencia, totais ou parciais, por un período dun ano, prorrogable por períodos de seis meses.
- c) Á consideración como xustificadas das faltas de asistencia, totais ou parciais, por un período dun ano, prorrogable por períodos de seis meses, nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde, segundo proceda.

31. Non consta como un dos deberes dos empregados públicos recollidos no artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- a) Desempeñar efectivamente as funcións ou tarefas propias da súa condición profesional e de acordo coa progresión acadada na súa carreira profesional.
- b) Axustar a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Administración pública na cal presten os seus servizos, cos seus superiores, cos seus compañeiros, cos seus subordinados e cos cidadáns.
- c) Garantir a constancia e a permanencia dos documentos para a súa transmisión e entrega aos seus posteriores responsables.

32. Segundo o recollido no artigo 75 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a promoción interna vertical consiste:

- a) No ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, a outro superior, consonte o establecido nesta sección.
- b) No ascenso na estrutura de postos de traballo polos procedementos de provisión establecidos nesta lei.
- c) No ascenso de grao e de categoría profesional sen necesidade de cambiar de posto de traballo, nos termos que se establezan regulamentariamente, en desenvolvemento dos principios recollidos nesta sección.

33. Segundo o artigo 77 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira de cada corpo ou escala terá atribuída unha categoría profesional e un grao dentro dela que para o persoal funcionario de novo ingreso será necesariamente:

- a) A categoría básica e o grao de ingreso nela.
- b) A categoría de ingreso e o grao inferior desta.
- c) A categoría do primeiro posto definitivo ao que acceda.





SUBGRUPO C1-TEMA 6-Emprego Público-GALEGO

34. O artigo 83 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, recolle que os sistemas de avaliación do desempeño se aplicarán sen menoscabo dos dereitos dos empregados públicos:

- a) Polos órganos competentes en materia de persoal.
- b) Por órganos especializados dotados de autonomía orgánica.
- c) Por órganos especializados dotados de autonomía funcional.

35. Cal dos seguintes, segundo o recollido no artigo 88 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, non é un procedemento ordinario de provisión de postos de traballo polo persoal funcionario de carreira?:

- a) O concurso específico.
- b) A comisión de servizos voluntaria.
- c) A libre designación con convocatoria pública.

36. Segundo o artigo 89 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no caso de postos de persoal funcionario da Administración xeral, o persoal funcionario de carreira que estea adscrito por motivos de saúde ou rehabilitación a un posto de traballo en distinta localidade daquela na que teña o seu destino definitivo estará obrigado a participar nos concursos de provisión, para postos adecuados ao seu corpo ou escala, que se convoquen e a solicitar:

- a) Todos os postos situados na mesma provincia do posto ao que figure adscrito provisionalmente.
- b) Todos os postos situados a menos de 30 quilómetros da localidade do posto ao que figure adscrito provisionalmente.
- c) Todos os postos situados na mesma localidade do posto ao que figure adscrito provisionalmente.

37. Segundo o recollido no artigo 90 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o procedemento xeral de provisión dos postos de traballo que non teñan establecida outra forma de provisión na relación de postos de traballo é:

- a) O concurso.
- b) O concurso ordinario e o concurso específico.
- c) O concurso ordinario.

38. Segundo o artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a valoración global dos méritos, xerais e específicos, supoñerá, no caso do concurso específico, como mínimo:

- a) O 45 % da puntuación máxima alcanzable.
- b) O 55 % da puntuación máxima alcanzable.
- c) O 40 % da puntuación máxima alcanzable.

39. Con base no recollido no artigo 93 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira que non tome posesión do posto de traballo adxudicado por concurso ou por libre designación no prazo establecido decaerá nos dereitos que lle poidan corresponder e, de ser o caso, será declarado na situación de:

- a) Excedencia forzosa por interese particular.
- b) Servizos especiais.
- c) Excedencia voluntaria por interese particular.





SUBGRUPO C1-TEMA 6-Emprego Público-GALEGO

40. Segundo o artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario que cese nun posto de traballo provisto por libre designación percibirá as retribucións complementarias correspondentes ao posto que ocupase con carácter definitivo:

- a) Mentres non obteña outro posto con carácter definitivo polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo III do título VI da lei e durante un prazo máximo de tres meses.
- b) Mentres non obteña outro posto con carácter definitivo polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo III do título VI da lei e durante un prazo máximo de seis meses.
- c) Mentres non obteña outro posto con carácter definitivo polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo III do título VI da lei e durante un prazo máximo de doce meses.

41. Con base no artigo 99 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, cal das seguintes circunstancias non ten que concorrer para poder autorizar permutas de postos de traballo entre persoal funcionario interino?:

- a) Que a ningunha das persoas que pretendan a permuta lle falte menos de cinco anos para cumprir a idade de xubilación forzosa.
- b) Que os postos de traballo teñan o mesmo complemento retributivo, poidan ser ocupados por persoal funcionario do mesmo subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, corpo ou escala, e a súa forma de provisión sexa o concurso ordinario.
- c) As permutas de postos de traballo non están recollidas para o persoal funcionario interino.

42. Segundo o artigo 101 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no caso de que o posto de traballo desempeñado en comisión de servizos de carácter forzoso teña asignadas unhas retribucións inferiores ás do posto de orixe, percibirase, mentres se permaneza en tal situación:

- a) As retribucións do posto de orixe.
- b) Unha indemnización pola diferenza.
- c) Un complemento retributivo persoal transitorio pola diferenza.

43. Segundo o artigo 103 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira que ocupe un posto de traballo que sexa obxecto de supresión como consecuencia dun plan de ordenación de recursos humanos pode ser destinado a outro posto de traballo polo procedemento de:

- a) Reasignación de efectivos.
- b) Comisión de servizos forzosa.
- c) Adscrición provisional.





SUBGRUPO C1-TEMA 6-Emprego Público-GALEGO

44. Segundo o artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, concederáse unha redución por horas completas de ata a metade da duración da xornada de traballo diaria por un prazo máximo dun mes, prorrogable en circunstancias excepcionais ata unha duración máxima total de dous meses, para atender o coidado do cónxuxe ou parella de feito, dun familiar de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade ou dun menor en acollemento preadoptivo, permanente ou simple, por razóns de:

- a) Accidente ou enfermidade grave.
- b) Enfermidade moi grave.
- c) Accidente ou enfermidade moi grave.

45. Segundo o artigo 108 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario que faga uso do permiso por falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar, no caso do accidente dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade en distinta localidade:

- a) Ten dereito a un permiso de catro días hábiles, e inclúranse no cómputo os sábados.
- b) Ten dereito a un permiso de catro días hábiles, e non se inclúran no cómputo os sábados.
- c) Ten dereito a un permiso de cinco días hábiles, e inclúranse no cómputo os sábados.

46. Segundo o artigo 109 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no caso de permiso por traslado de domicilio de persoal funcionario no que a unidade familiar estea integrada por dúas persoas, a duración do permiso previsto é de:

- a) Dous días naturais se o traslado ten lugar dentro da mesma localidade e de catro días naturais se implica cambio de residencia a outra localidade.
- b) Dous días hábiles se o traslado ten lugar dentro da mesma localidade e de catro días hábiles se implica cambio de residencia a outra localidade.
- c) Dous días naturais se o traslado ten lugar dentro da mesma provincia e de catro días naturais se implica cambio de residencia a outra provincia.

47. Segundo o artigo 113 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de nacemento de fillos prematuros ou que por calquera causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do posto de traballo:

- a) Un máximo de tres horas diarias mentres dure o período de hospitalización, coa percepción íntegra das súas retribucións.
- b) Un máximo de dúas horas diarias mentres dure o período de hospitalización, coa diminución proporcional das súas retribucións.
- c) Un máximo de dúas horas diarias mentres dure o período de hospitalización, coa percepción íntegra das súas retribucións.

48. Segundo a redacción do artigo 116 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ten dereito a un permiso para atender o coidado do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, nos casos de:

- a) Accidente ou enfermidade grave.
- b) Accidente ou enfermidade moi grave.
- c) Enfermidade moi grave.





SUBGRUPO C1-TEMA 6-Emprego Público-GALEGO

49. O artigo 119 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, recolle que no caso de unión de feito o persoal funcionario ten dereito a:

- a) Un permiso retribuído de quince días hábiles ininterrompidos.
- b) Un permiso retribuído de quince días naturais ininterrompidos.
- c) A lei non recolle un permiso para as unións de feito.

50. Cal destas licenzas non está recollida nos artigos 126 a 131 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia?:

- a) Licenza por asuntos particulares.
- b) Licenzas por enfermidade.
- c) Licenza para supostos de hospitalización prolongada.

